


Entrevista

FOTOS: CARLOS G. HERVELLA



Francisco Marín, presidente da Confederación H. Miño-Sil, busca achegar este ente a administracións e cidadáns

'O novo plan estará vixente no 2016'

"Nunhas semanas faremos xornadas abertas ao público en cada provincia da CHMS para explicar o novo plan hidrolóxico"

"Na conca hai 490 km de áreas con risco potencial significativo de inundación e o novo plan recollerá os usos compatibles con elas"

"Estamos ensaiando un programa para que, en función do que chove, se poda predicir ata onde vai chegar a avenida"

Francisco Marín Muñoz, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, na ponte romana de Ourense, sobre o río Miño. Á dereita, durante a entrevista concedida ao Periódico O SIL na sede deste organismo de conca na cidade das Burgas.

ÁNGELES RODRÍGUEZ
Ourense

Un plan hidrolóxico é unha fotografía dunha conca. Retrata o estado dos seus ríos, encoros, augas subterráneas... Pero supón ademais "un programa de medidas de mellora no que interveñen todas as administracións do Estado, por iso é moi complexo. Tamén complementa á normativa estatal coas especificidades desa conca", matiza Francisco Marín Muñoz, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), con sede na cidade de Ourense. O primeiro plan hidrolóxico desta conca entraba en vigor en abril de 2013, un mes despois de que tomase as rendas do organismo. Agora, tras tres anos no cargo, afronta a última parte da revisión deste documento. Así ata finais de xuño o proxecto do plan 2015-2021 do Miño-Sil estará en consulta pública. Nel conclúese que o 75% das 285 masas de auga desta conca están nun bo estado e recóllese un programa de 500 actuacións para mellorar as súas condicións. "O novo plan deberá estar vixente o 1 de xaneiro de 2016", adianta.

Ao mesmo tempo a CHMS está executando diversos proxectos. Por unha banda están as obras de interese xeral como o saneamento de Ourense; e pola outra, as que realiza como xestor de fondos europeos como é o caso da ampliación da depurada do Barco. "O que estamos facendo é conveniar. Nós poñemos ata o 80% da inversión da obra e, mediante un convenio, a administración correspondente aporta a competencia. Pero o outro 20% alguén o ten que poñer. Nese senso, asinamos convenios con deputacións, con concellos e con Augas de Galicia en diferentes actuacións", di.

Entre as singularidades desta demarcación están o seu alto número de encoros e o feito de que o 10,08% do seu territorio sexa luso, con ríos internacionais como o Limia. Con relación a este cauce, Marín Muñoz resalta o interese da CHMS por resolver o seu problema de contaminación difusa do sector primario. "Non queríamos que o Limia fose a conca olvidada", sinala. Por iso, ademais de estudar en colaboración con centros de investigación esa contaminación, tomaron medidas como

Entrevista

mellorar a depuradora de Xinzo e pu-xeron en marcha un programa Life "no que imos ensaiar técnicas que permitirán demostrar que é posible mellorar a calidade das augas. Isto será longo, pero marcaremos un camiño".

A Miño-Sil é a confederación máis xove de España, ¿como califica o momento polo que pasa agora?

A primeira confederación en crearse en España foi a do Ebro en 1926 e a penúltima a do Norte, a principios dos 60. A partir de aí, Galicia tiña a reivindicación histórica de que o principal río da Confederación do Norte, o Miño, contase co seu propio organismo de conca como sucedía cos outros grandes ríos españois. Por unha circunstancia política que se deu no 2008 abriuse a lei e dividiuse esa confederación en dúas: a do Cantábrico e a do Miño-Sil. A nosa confederación comezou a funcionar de modo efectivo o 1 de xaneiro de 2009 e no 2010 empezamos a crer que estabamos nunha situación de crise, co cal iso redundou en que a súa estrutura sexa bastante máis reducida que a doutras confederacións do mesmo tamaño xeográfico. Agora a CHMS mira cara ao futuro e está nun momento de asentamento, de creerse que é un ente autónomo cunha misión. Nos tres últimos anos intentamos crear organismo. É certo que se crea mediante unha lei, pero se detrás non hai unha organización, persoas que dan un servizo, pois non existe. Por iso tratamos de achegarnos aos territorios de Galicia, Castela e León e Asturias que pertencen á demarcación.

Ese é un dos retos da CHMS...

Si, facerse un organismo próximo e accesible ás administracións e aos cidadáns. O noso obxectivo é preservar o río e mellorar a súa calidade e para iso temos unha serie de instrumentos. **O 2014 pechábase con máis sancións que expedientes incoados pola CHMS, ¿hai un cambio de tendencia?**

Iso é un esforzo máis. Se conseguimos resolver máis dos que entran estás dicindo que o teu tempo de resolución é menor, iso é o que buscamos. Despois, que o número de expedientes sexa menor ou maior non depende de nós, senón das admi-

nistracións e dos particulares. Hai moitas obras que se fan nos ríos e para as que non se solicita autorización. Nós tratamos de comunicar que cando se actúa no río hai que pedir permiso. Dícmoslle aos concellos, que é a administración que máis actuacións realiza, que pregunten e que se é autorizable, non van ter problema. O problema vén se non é autorizable porque supón ter sanción e ademais a obriga de demoler. Realmente nisto estase baixando moito e tamén é certo que as inversións das administracións en depuración, ano a ano, suman, co cal os verquidos son menores e tamén os expedientes. Para nós sería un obxectivo resolver todos os expedientes no mesmo ano no que entren.

Dende hai tres meses está en exposición pública o novo plan hidrolóxico, ¿que supón este documento?

A Directiva Marco da Auga (DMA) do ano 2000, que foi trasposta á normativa estatal, xa marcaba uns fitos. Decía que no 2009 cada país membro debía ter aprobado un plan hidrolóxico por conca, pero nese ano en España non tiñamos ningún plan aprobado, o que é causa de sanción. Ábreche un expediente e retirache os fondos europeos. Este goberno no 2012 dixo "hai que porse as pilas" e o primeiro plan en aprobarse foi o do Miño-Sil en abril de 2013 e no 2014 aprobáronse todos. A DMA tamén sinalaba unha revisión do plan cada seis anos. E para iso hai que seguir un proceso longo no que se identifican os grandes problemas da demarcación, o chamado esquema de temas importantes, que hai que someter a seis meses de información pública para que se presenten alegacións, logo contestalas e facer o borrador do plan, con outros seis meses de consulta. Isto implica que para telo vixente en xaneiro de 2016 tivemos que empezar con el en xaneiro do 2014. Estamos en data e en setembro estarán contestadas as alegacións e incorporadas as que se estimen, de tal

maneira que o plan poda estar aprobado no Consello de Ministros antes de final de ano. Nas próximas semanas faremos xornadas abertas ao público en cada provincia da demarcación nas que se explicará o plan dende o punto de vista xeral, pero tamén no relativo á problemática de cada zona. Ademais na cidade de Ourense faremos unha xornada central 15-20 días antes de que acabe o prazo de exposición pública.

¿Que cambios se introducen?

Moi poucos. Melloraron algunhas das masas que estaban en peor estado e o programa de medidas executouse nun 30-40% porque tamén coincidiu cuns anos moi difíciles economicamente, pero as máis relevantes das que non se

minación difusa, á presión... Queremos tomar medidas, e niso estamos, para tratar de mellorar esa masa de auga, xa que hai que compatibilizar a actividade económica coa xestión dos residuos. Logo está o Barbaña, que ten outros problemas. É un río moi antropizado, con varios polígonos industriais no seu entorno e que ten moi pouco caudal. Pero hoxe este río non ten nada que ver co de hai 25 anos, xa que neste tempo fíxose nel e no Miño unha inversión tremenda en saneamento con toda a rede de colectores realizada polo Ministerio de Agricultura. Estamos agora coa obra da depuradora, que se prevé rematar no 2015 para que entre en probas no 2016, e coa dos colectores dos polígonos do Barbaña, de 3,5 millóns de euros, que está en execución. Aínda así queremos acometer novas actuacións no período 2014-20 de fondos europeos para seguir mellorando a rede de colectores dos polígonos.

¿Como está a calidade das augas desta demarcación con respecto á doutras españolas?

Máis do 70% das masas de auga están en mellor estado que bo, é dicir, que temos unha calidade boa. Sen embargo, iso non significa que non se deban facer esforzos porque tamén se pode perder. Chegar ao 100% no 2021 seguramente sería unha utopía, pero ao mellor si estar no 80%, ese é un camiño. Ás veces o estado dunha masa de auga é deficitario polas presións. Na CHMS temos máis de 12.000 núcleos de po-boación, con verquidos, augas residuais e tomas de auga. Iso xera presión e unha sobreexplotación implica unha masa de auga en mal estado. Nesta confederación o que si temos é recurso, boas aportacións porque chove, e iso supón que non teñamos unha conca conflitiva cos usuarios. Hai recurso, pero en ocasións hai que orientar ao usuario ao punto onde o pode obter.

A CHMS caracterízase polo seu gran número de encoros, ¿como inflúe isto na súa xestión?

Ten uns 3.000 hm3 de capacidade de almacén de auga entre todas as presas, tanto privadas, que son a maioría, como públicas. E hai apor-

tacións de 11.000 ou 12.000 hm3, ou sexa que temos moi boas aportacións de media. A xestión témola moi coordinada coas presas privadas, que no Sil soen ser de Iberdrola e no Miño de Gas Natural Fenosa. Cada presa ten uns protocolos de xestión específicos, non se deixa nada ao azar, controlábase todo. E logo temos un Centro de Control de Conca (CECU), que creo que é un Ferrari, unha tecnoloxía posta ao servizo da sociedade. En tempo real temos monitorizadas as presas, a auga que entra e a que sae. A conca está monitorizada en máis de cen puntos cuns niveis de prealerta, alerta e activación. E imos dar un paso máis, estamos ensaiando un programa para que, en función do que chove, se poda predicir qué pode pasar augas abaixo, ata onde pode chegar a avenida.

O novo plan incorpora un mapa de zonas de risco por inundación, ¿que puntos da provincia son máis problemáticos?

No 2007 publicábase unha directiva europea de protección fronte a inundacións que tamén se traspuxo ao Estado e que obrigaba a ter identificadas a finais do 2011 as áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSIs) nas que se vexan afectadas as poboacións, a actividade económica (por exemplo, un polígono industrial), o patrimonio histórico; unha infraestrutura importante como unha autovía ou unha estrada nacional, etc. Na nosa conca hai 490 km de ARPSIs: O Barco, Baños de Molgas, Ourense capital... Identificáronse no 2011 e no 2013 fixéronse mapas de zonas inundables. Iso mandoulle a todos os concellos afectados e tiveron seis meses para alegar porque isto vaise incluír no novo plan, que recollerá os usos compatibles con esas ARPSIs. O que non é compatible é unha edificación que supoña unha barreira ao fluxo preferente da auga, pero si son compatibles zonas verdes, sendeiros, áreas deportivas sen gradas e mesmo determinados elementos de depuración de augas. É un feito moi importante porque, tendo en conta a presión dos últimos 50-60 anos sobre os ríos, hai PXOMs que se van ter que modificar xa que este plan hidrolóxico prevalece sobre eles e, co tempo, terán que irse acomodando a esta nova normativa.

